



Comité Intercentros
Universidade de Vigo

UVIGO1101 N° 200500000731
14-01-2005

O técnico especialista en informática, José Luis Ríos Beis, púxose en contacto con membros deste órgano de representación para informarnos da petición de cambio de quenda que solicitou ao seu xefe de servizo e ao xerente da Universidade de Vigo. O traballador pide este cambio para poder atender ao seu fillo de tres meses de idade tras rematar a súa muller o permiso de maternidade e coincidir que os dous desenvolven o seu traballo en quenda de mañá. Argumenta, así mesmo, o desexo familiar de poder coidar persoalmente ao bebé cando menos ata que cumpra 12 meses, idade esta que consideran a máis axeitada para comezar a socialización do seu fillo.

O citado traballador, expón que obxectivamente este cambio non afectaría ao servizo no que desenvolve as súas actividades pois, sen dúbida, estas poderían realizarse pola tarde.

O xefe do seu servizo na contestación que lle da recoñece que a maior parte do traballo que realiza este técnico podería realizarse pola tarde sen menoscabo para os usuarios. Non obstante, sinala dous problemas: as emerxencias que se puideran dar pola mañá nos servizos que atende o peticionario e o precedente que se crearía no SETEI, ou incluso na Universidade, pois calquera traballador tería dereito a cambiar de quenda por ter un fillo.

Tras ser incluído na orde do día da reunión do Comité Intercentros celebrado o 13 de xaneiro, o **Pleno acordou por unanimidade solicitar á xerencia que acceda a petición realizada por este traballador** ao considerar que a conciliación da vida laboral e a vida familiar ten que ser un compromiso non só dos lexisladores senón tamén das administracións, empresas, sindicatos, órganos de representación e da sociedade en xeral. O Pleno entende que a solicitude que fai o traballador é coherente, está fundamentada e motivada e a súa concesión non causaría maiores prexuízos a Universidade, ou en todo caso, aqueles que puidera causar, como as emerxencias, son de fácil solución con pequenos retoques na organización do traballo.

O Pleno non ve este precedente coma un problema senón como unha ocasión para traballar a prol da verdadeira conciliación da vida familiar e a laboral que a parte de necesitar lexislación que a ampare necesita feitos e compromisos de tódolos actores implicados na solución deste problema.

Vigo, 14 xaneiro de 2005

O SECRETARIO DO COMITÉ
INTERCENTROS

Asdo.: Manuel Velasco Graña

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO
SR. XEFE DO SERVIZO DE PERSOAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO
SR. DIRECTOR DO SETEI